



Son unha sobreira centenaria, habitante vivo máis vello desta comarca, e de toda Galicia. Teño máis de 500 anos, e son a única árbore documentada. Xa se ten noticia de min na época dos Reis Católicos.

Sobreira, alcornoque. *Quercus suber*.
Sobreira de Balboa

Para os romanos *Quercus* significaba “árbore fermosa” e “suber” cortiza, esa son eu, unha fermosa árbore que produce a cortiza coa que se fan infinidade de cousas.

A miña altura é de 20 metros e teño un perímetro de 9 metros, ¿cantos nenos se necesitan para darme unha aperta?



Mira no chan, ves os meus froitos? Son como os do carballo, a encina... Chámanse landras, son alimento de moitos animais e en cada unha delas está todo o necesario para crear outro igual ca min, Anímaste?



No século XIX sobrevivín ao maior inimigo das árbores, o lume. Un home plantoume lume para acabar cun enxame de abellas que vivían na miña cortiza, por sorte superei ese ataque e sego aquí esperando que veñas a coñecerme.

